



Galician Books for Children & Young Adults 2019

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2019
Libros infantiles y juveniles de Galicia 2019





Galician Books for Children & Young Adults **2019**

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2019

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2019

XUNTA DE GALICIA

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo
Secretaría Xeral de Cultura

Coordinación editorial

Llerena Perozo Porteiro e Alicia Lombán Pazos

Revisión editorial

Mercedes Pacheco Vázquez

Traducións

Mercedes Pacheco Vázquez e Roi Pérez Vila

Ilustración da cuberta

María Fe Quesada Rodríguez

Maquetación

Nieves Ozores Núñez

Produción

GÁLIX

Imprime

Grafisant

D.L.

288-2018

Galician Books for Children & Young Adults **2019**

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2019

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2019

07

Reading Promotion

Promoción da lectura

Promoción de la lectura

13

Books

Libros

Libros

145

Publishers'

Enderezos das editoriais

Direcciones de las editoriales

“Quizais non houbo días na nosa infancia máis plenamente vividos que aqueles que criamos deixar sen vivir, aqueles que pasamos cun libro favorito”. Estas palabras, escritas por Marcel Proust na súa obra *Sobre a lectura* dan conta dunha realidade da que somos conscientes co paso do tempo, da importancia da lectura na vida das persoas e do papel esencial que esta xoga no noso desenvolvemento.

Esta reflexión de carácter persoal hai que ligala cunha realidade que nos é propia como sociedade. Réfírome ao feito de que a literatura infantil e xuvenil en lingua galega (LIX) é o máis sólido alicerce das nosas letras e a mellor garantía para o porvir do idioma. Galicia conta cunha LIX sobresaínte, en volume e calidade, enfocada a ofrecerlles aos lectores máis novos libros marabillosos que esperten neles o amor pola literatura.

Froito do traballo colectivo e do compromiso e talento persoal de escritores, ilustradores, deseñadores, editores, distribuidores e libeiros, o libro infantil e xuvenil goza dun saudable presente na nosa terra e é recoñecido e valorado nos eidos nacional e internacional.

A Xunta de Galicia, a través do seu apoio a este catálogo, promove a LIX e dá a coñecer a obra das nosas autoras e autores en diversos foros profesionais do eido do libro. En concreto, este volume acolle un total de 130 propostas editoriais que reflicten a produción máis recente, e faino dun xeito sintético, atractivo e útil entre os profesionais do sector.

Desde a Consellería de Cultura e Turismo situámonos a carón das principais institucións culturais e do propio sector para procurar que a nosa industria do libro sexa competitiva dun xeito integral. Avanzando, desde a corresponsabilidade, na forma de editar, de distribuír, de prescribir e de divulgar as obras e os autores galegos. Neste proceso, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX, leva sendo durante os últimos trinta anos unha magnífica compañeira de viaxe, eficaz na promoción da nosa cultura e da nosa lingua desde idades temperás.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

“Quizás no hubo días en nuestra infancia más plenamente vividos que aquellos que creíamos dejar sin vivir, aquellos que pasamos con un libro favorito”. Estas palabras, escritas por Marcel Proust en su obra *Sobre la lectura* dan cuenta de una realidad de la que somos conscientes con el paso del tiempo, de la importancia de la lectura en la vida de las personas y del papel esencial que esta juega en nuestro desarrollo.

Esta reflexión de carácter personal hay que ligarla con una realidad que nos es propia como sociedad. Me refiero al hecho de que la literatura infantil y juvenil en lengua gallega (LIJ) es el más sólido cimiento de nuestras letras y la mejor garantía para el porvenir del idioma. Galicia cuenta con una LIJ sobresaliente, en volumen y calidad, enfocada a ofrecerle a los lectores más jóvenes libros maravillosos, que despierten en ellos el amor por la literatura.

Fruto del trabajo colectivo y del compromiso y talento personal de escritores, ilustradores, diseñadores, editores, distribuidores y libreros, el libro infantil y juvenil disfruta de un saludable presente en nuestra tierra y es reconocido y valorado en los ámbitos nacional e internacional.

La Xunta de Galicia, a través de su apoyo a este catálogo, promueve la LIJ y da a conocer la obra de nuestras autoras y autores en diversos foros profesionales del campo del libro. En concreto, este volumen acoge un total de 130 propuestas editoriales que reflejan la producción más reciente, y lo hace de un modo sintético, atractivo y útil entre los profesionales del sector.

Desde la Consellería de Cultura e Turismo nos situamos al lado de las principales instituciones culturales y del propio sector para conseguir que nuestra industria del libro sea competitiva de una forma integral. Avanzando, desde la corresponsabilidad, en la forma de editar, de distribuir, de prescribir y de divulgar las obras y los autores gallegos. En este proceso, la Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX, se ha convertido durante los últimos treinta años en una magnífica compañera de viaje, eficaz en la promoción de nuestra cultura y de nuestra lengua desde edades tempranas.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

“Perhaps there weren’t days in our childhood more thoroughly lived than those in which we believed we ceased to live, those we spent with our favourite book”. These words, written by Marcel Proust in his book *On Reading* accounts for a reality of which we become aware with the passing of years: the relevance that reading has in our lives and the fundamental role it plays in our development and growth.

This thought, of personal connotations, must be linked with a broader reality that is owned by all of us, as a society. I allude to the fact that youth and children literature in Galician (LIJ) is the strongest foundation of our letters and the best guaranty for the future of the language. Galicia counts on an outstanding LIJ, both in volume and quality, focused in offering the youngest readers the most wonderful books, that awake in them the passion for literature.

Fruit of a collective work, and the commitment and personal talent of writers, illustrators, designers, editors, suppliers and librarians, children and youth books are enjoying a healthy present in our country and are recognized and valued both nationally and internationally.

The Xunta de Galicia – Government of Galicia, with the support it brings to this catalogue, promotes the LIJ advertises the books of our authors in many professional forums on the book editing category. Specifically, this volume gathers 130 editorial offerings in total, that reflect the most recent production, and does so in a synthetic, attractive and useful way amongst the professionals of the area.

At the Culture and Tourism Office, we work closely with the main cultural institutions and to the sector to achieve making our book industry integrally competitive. We are moving forward standing on the idea of shared responsibilities, in the way we edit, supply, prescribe and disseminate Galician books and their authors. In this process, the Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX (Galician Association of Children and Youth Books) has become, for the last thirty years, a magnificent collaborator, efficient in the promotion of our culture and our language from the earliest ages.

Román Rodríguez González
Head of the Culture and Turism Office
Xunta de Galicia

GÁLIX

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil

Centro de Emprendemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás,
15707 Santiago de Compostela (España)

www.galix.org

galix@galix.org

Galicia é unha comunidade autónoma do norte de España con lingua e cultura propias, cuxas raíces se remontan á Idade Media. Despois de diferentes avatares en función dos tempos históricos, no presente a cultura galega vive momentos de puxanza e proxección máis aló dos límites que impoñen a distribución territorial e o uso da lingua autóctona.

Neste contexto a literatura infantil e xuvenil nacida en lingua galega é un dos piares máis destacados da creación, a edición, a lectura e mais a educación. En Galicia, con pouco máis de dous millóns de habitantes, producimos máis dun centenar de títulos propios, moitos dos cales se exportan a outras linguas e acadan importantes audiencias noutras culturas.

Este catálogo, elaborado por GÁLIX, recolle as obras novas en galego publicadas durante o pasado ano. Están ordenadas en función das editoriais a cuas coleccións pertencen co obxecto de que sexan facilmente localizables tanto por axencias literarias como por empresas editoras e profesionais da tradución.

Porén, GÁLIX tamén ofrecerá tanta información se nos solicite por correo electrónico sobre as obras, os seus creadores e creadoras, editoras, etc.

Xosé Antonio Perozo

Presidente de GÁLIX

Galicia is an autonomous region in the north of Spain with its own language and culture, the roots of which go back to the Middle Ages.

Coming from a long history, with its corresponding ups and lows, today Galician culture is experiencing a moment of growth and projection beyond the limits imposed by territorial distribution and supply and the use of the autochthone language.

In this context, children and youth literature created in Galician are one of the most outstanding pillars of creation, edition, reading and education. In Galicia, with a population that barely surpasses 2 million people, we produce more than a hundred owned titles, many of which are exported in other languages, reaching important audiences in foreign cultures.

This catalogue, created by GÁLIX, gathers new published work in Galician from the past year. It is arranged in function of the publishing houses to which each collection belongs, with the aim to make it easier to find them, both by literary agencies, publishing firms and translation professionals.

In addition, GALIX also offers, by email, any requested information about the books, their creators, editors etc.

Xosé Antonio Perozo

President of GÁLIX

Galicia es una comunidad autónoma del norte de España con lengua y cultura propias, cuyas raíces se remontan a la Edad Media. Después de diferentes avatares en función de los tiempos históricos, en el presente la cultura gallega vive momentos de pujanza y proyección más allá de los límites que imponen la distribución territorial y el uso de la lengua autóctona.

En este contexto la literatura infantil y juvenil nacida en lengua gallega es uno de los pilares más destacados de la creación, la edición, la lectura y la educación. En Galicia, con poco más de dos millones de habitantes, producimos más de un centenar de títulos propios, muchos de los cuales se exportan a otras lenguas y alcanzan importantes audiencias en otras culturas.

Este catálogo, elaborado por GÁLIX, recoge las obras nuevas en gallego publicadas durante el pasado año. Están ordenadas en función de las editoriales a cuyas colecciones pertenecen con el objeto de que sean fácilmente localizables tanto por agencias literarias como por empresas editoras y profesionales de la traducción.

No obstante, GÁLIX también ofrecerá cuanta información se nos solicite por correo electrónico sobre las obras, sus creadores y creadoras, editoras, etc.

Xosé Antonio Perozo

Presidente de GÁLIX



BOOKS
LIBROS

MAFEQUESA

A música da auga

Texto: Anxo Moure / Servando Barreiro

Ilustracións: Servando Barreiro

Data edición: marzo 2018

Descrición: 28 p. 15 x 21 cm

ISBN 978-84-697-8144-9

DESENVOLVEMENTO

A historia comeza recuperando a cultura tradicional do "espertar das augas" (Hai anos a xente maior batía coas palmas diante dunha fonte para espertar a auga e que non lle mancasse a barriga), continuando co ciclo de auga a través do percurso dun río (o miño) desde o seu nacemento no pedregal de Irimia, até a súa morte no océano Atlántico.

Neste percurso coñecemos as seres que nel habitan (O trasno Zeln, o xacío do Miño, Avelino, o barqueiro...) e as súas aventuras, tratando de os protexer contra os abusos dos humanos. Tamén os lugares por onde este río vai pasando até chegar ao mar onde nos tocaremos cos señores da cestola na cachola que nos conta a historia de Sabeliño, sabelar, a filla da onda do mar que quería ser nena e coa areia xogar.

Grazas a toda a xente que me acompañou e me continúa a acompañar nesta fermosa viaxe polos nosos bosques, ríos e mares, ben contando historias, ben acompañándome no ritmo das augas cos seus instrumentos e as súas voces. Tamén aos amigos que fixeron posible a gravación e a edición deste traballo.

Servando Barreiro, Vigo, 12 de febreiro de 2018



Novo libro-cd de Servando Barreiro e Anxo Moure onde se recupera a cultura tradicional do "espertar das augas". Hai anos, a xente maior batía coas palmas diante dunha fonte para espertar a auga e que non mancasse a barriga. Empezan, pois, os contos cunha cantiga do espertar da auga no Pedregal de Irimia, convidando as nenas e nenos a unha viaxe cíclica desde o nacemento dun río, neste caso o Miño, ata súa desembocadura no mar Atlántico.

A música da auga pretende poñer en valor a riqueza da nosa cultura fluvial e marítima a través destes contos e cantos.

A new cd-book from Servando Barreiro and Anxo Moure in which the traditional culture of "awakening the Waters" is recovered. Years ago, old people clapped their hands against a fountain to awaken the water and make it drinkable. The stories thus begin with a song about awakening water in Pedregal de Irimia, inviting boys and girls to a cyclical journey from the birth of a river, in this case the river Miño, up until its mouth in the Atlantic Ocean. *Música da auga* aims to value the wealth of Galician maritime and fluvial culture, with the help of this songs and tales.

Nuevo libro-cd de Servando Barreiro y Anxo Moure en el que se recupera la cultura tradicional del "despertar de las aguas". Hace años, la gente mayor golpeaba con las palmas ante una fuente para despertar al agua y que no dañase la barriga. Empiezan, pues, los cuentos con una canción del despertar del agua en el Pedregal de Irimia, invitando a niñas y niños a un viaje cíclico desde el nacimiento de un río, en este caso el Miño, hasta su desembocadura en el mar Atlántico.

A música da auga pretende poner en valor la riqueza de nuestra cultura fluvial y marítima a través de estos cuentos y cantos.

O tempo meteorolóxico

Texto: A Mesa pola Normalización Lingüística

Ilustracións: Miguel Robledo

Data edición: outubro 2018

Descrición: 36 p. 16 x 16 cm

ISBN 978-84-09-04278-4



Este libro é para aprender, identificar e provocar interese polo tempo meteorolóxico nas nenas e nenos. Ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenas/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome dos fenómenos meteorolóxicos.

This book is meant for learning, identifying and awake interest for weather in boys and girls. It aims to increase the use of Galician in primary education and to provide material in Galician for boys and girls from 0 to 6 years in order to promote the use of Galician vocabulary and learn the name of meteorological phenomena.



Este libro es para aprender, identificar y provocar interés por el tiempo meteorológico en las niñas y niños. Tiene como objetivos incrementar el uso del gallego en la educación infantil, proporcionar materiales en gallego para niñas/os de 0 a 6 años, potenciar el uso de vocabulario en gallego y aprender el nombre de los fenómenos meteorológicos.



A Comuna del Barruzo presenta dez cancións representadas por dez seres que habitan a zona Eo-Navia. Tanto os debuxos como as letras fan referencia a sitios físicos e á cultura patrimonial e inmaterial da zona. Ademais, amósannos xogos e alternativas saudables arredor da natureza. A Comuna traballa para aumentar a sensibilidade auditiva das crianzas e persoas adultas, e propicia valores de autoestima e aceptación do diferente. Primeiro libro-disco en galego-asturiano para crianzas e adultos-as que aínda o son. Un amplo abano de poetas eonaviegos ofrece unha mostra da riqueza literaria e lingüística deste territorio fronteirizo, transmitida ata hai pouco de maneira oral.

A Comuna del Barruzo showcases ten songs represented by ten beings that live in the area of Eo-Navia. The drawings and the letters make reference to physical places and to the heritage and immaterial culture of the area. Furthermore, games and healthy alternatives in nature are shown. The Commune works to increase the auditive sensitivity of children and adults, and brings self-esteem and acceptance of difference values. The first cd-book in Galician-Asturian for children and soon-to-be adults. A great range of poets from the Eo-Navia region offers a sample of the literary and linguistic wealth of this border territory, transmitted orally up until recent years.

A Comuna del Barruzo

Texto: Ugia Pedreira / Pierrot Rougier

Ilustracións: Mónica Justo

Data edición: decembro 2018

Descrición: 32 p. 23 x 22,5 cm

ISBN 978-84-947718-9-7



A Comuna del Barruzo presenta diez canciones representadas por diez seres que habitan la zona Eo-Navia. Tanto los dibujos como las letras hacen referencia a sitios físicos y a la cultura patrimonial e inmaterial de la zona. Además, nos muestran juegos y alternativas saludables alrededor de la naturaleza. La Comuna trabaja para aumentar la sensibilidad auditiva de infantes y personas adultas, y propicia valores de autoestima y aceptación de lo diferente.

Primer libro-disco en gallego-asturiano para niños y niñas y adultos-as que aún lo son. Un amplio abanico de poetas eonaviegos ofrece una muestra de la riqueza literaria y lingüística de este territorio fronterizo, transmitida hasta hace poco de manera oral.

Macedonia de versos


Texto: Concha Blanco

Ilustracións: Lidia Nokonoko

Data edición: novembro 2018

Descrición: 44 p. 22 x 22 cm

ISBN 978-84-947807-3-8



Libro de poesía infantil ao redor do mundo das froitas. Os e as lectoras poden ir descubrindo a riqueza froiteira de Galicia mediante versos e unhas ilustracións evocadoras e moi divertidas. Este libro amais de lírico é informativo xa que permite que as crianzas aprendan os nomes das froitas en galego.

Para facilitar o traballo escolar con este libro, preparamos unhas unidades didácticas que permitirán o uso na aula destes zumarentos e nutritivos poemas.

A book of poetry for children about the world of fruits. Readers can discover the fruit wealth of Galicia through verses and illustrations that are both inspiring and fun. This book, on top of being lyrical, is informative, for it allows boys and girls to learn the names of fruit in Galician. To ease schoolwork with this book, we have prepared learning units that will allow the use of these fruity and nutritive poems in the classroom.

Libro de poesía infantil alrededor del mundo de las frutas. Los y las lectoras pueden ir descubriendo la riqueza frutícola de Galicia mediante versos y unas ilustraciones evocadoras y muy divertidas. Este libro, además de lírico es informativo, ya que permite que niñas y niños aprendan los nombres de las frutas en gallego.

Para facilitar el trabajo escolar con este libro, preparamos unas unidades didácticas que permitirán el uso en el aula de estos jugosos y nutritivos poemas.





Naquel tempo moi vello,
cando os animais e as plantas falaban,
nas terras de Guitiriz
había un dragón amigo dun salgueiro.

Poden ser amigos un dragón e un salgueiro? Pois si, cando os animais e as plantas falaban, aló polas terras de Guitiriz no monte da Cova da Serpe. Serpe, un enorme dragón vermello, vai facer que as terras lucenses non queden sen auga nos seus ríos e mananciais coa axuda das nubes grises cargadas de auga, que botarán a choiva sobre a terra seca e sobre os bosques.

Can a dragon and a willow tree be friends? Well, they can, when animals and plants talk to each other, out there in the lands of Guitiriz, in the mountain of Cova da Serpe. Serpe, a gigantic red dragon will prevent the lands of Lugo to be short of water in rivers and sources with the help of clouds filled with water, that will unload rain over the dried land and over the forests.

A auga, o dragón e o salgueiro

Texto: Xosé A. Perozo

Ilustracións: Antonio Seijas

Data edición: marzo 2018

Descrición: 34 p. 21 x 21 cm

ISBN 978-84-947801-4-1



¿Pueden ser amigos un dragón y un sauce? Pues sí, cuando los animales y las plantas hablaban, allá por las tierras de Guitiriz en el monte de la Cova da Serpe. Serpe, un enorme dragón rojo, va a hacer que las tierras lucenses no queden sin agua en sus ríos y manantiales con la ayuda de las nubes grises cargadas de agua, que descargarán la lluvia sobre la tierra seca y sobre los bosques.

A invención do salgueiro

Texto: Xosé A. Perozo

Ilustracións: Viki Berre

Data edición: marzo 2018

Descrición: 34 p. 21 x 21 cm

ISBN 978-84-947801-6-5



Esta é unha historia contada polo gran cavaró Beiro que fala da natureza e da súa defensa e protección nas terras de Lugo, á beira das súas reservas naturais. Orcos, ninfas, gnomos e alicornios viaxarán con nós a través de ríos, lagoas e bosques para amosarnos a súa beleza. Ao final a maxia da natureza fará agromar un maravilloso salgueiro que axudará a loitar contra o cambio climático.

This is a story told by Beiro the great cavaró who talks about nature and its defence, and the protection of Lugo lands and its natural reserves. Orcs and nymphs, gnomes and alicorns will travel with us through rivers, lagoons and woods to show us their beauty. In the end, nature's magic will make a beautiful willow tree blossom, that will help to fight against climate change.

Esta es una historia contada por el gran cavaró Beiro que habla de la naturaleza y de su defensa y protección en las tierras de Lugo, junto a sus reservas naturales. Orcos, ninfas, gnomos y alicornios viajarán con nosotros a través de ríos, lagunas y bosques para mostrarnos su belleza. Al final la magia de la naturaleza hará brotar un maravilloso sauce que ayudará a luchar contra el cambio climático.

Moito antes das secas do noso tempo e dos incendios forestais sucedeu esta historia contada polo gran Beiro, o máis vello cavaró da miña familia, do que eu herdei o violín de oito cordas e a guitarra de tres notas. E que hoxe, acabados de cumprir os meus primeiros douscentos cinco anos, vou narrar para exemplo da xente moza coma ti.

Ti podes chamarme Silendo, o cavaró dos pelos pinchos.



sión, entre correccións e correccións, que escribía contra o relox, coma se estivese redactando o seu testamento.

–Ata o derradeiro momento da existencia –intervén Lola, a cociñeira–, na enfermidade do Luís e na súa propia foi unha muller dunha grande enteireza.

–Non deixou de escribir nunca –falo eu–. Publicou o libro para adultos *Diario da luz e da sombra* en 2004, o infantil *Eu conto, ti cantas...* en 2005, e case rematou o libro de versos *Elexías de luz* publicado en 2006.

–E aínda se volveu namorar –lembra Rato Chus–. Viviu unha historia de amor puro, coma se fose a súa mellor novela.

Un cacho máis tarde, o mar estaba calmo e decidimos que chegara o momento de baixar ao peirao. O *Arroás* agardaba por nós.



No ano 1963 chegou a Pontevedra unha mestra chamada M^a Victoria Moreno. Nunca puido imaxinar que a engaiolarían para sempre Galicia, a súa lingua, a súa cultura e a súa xente. A andaina vital e profesional é o retrato que dela se fai neste libro, publicado no ano no cal se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

In the year 1963 a teacher called M^a Victoria Moreno arrived to Pontevedra. She could never imagine that she would be charmed by Galicia forever. Its language, its culture and its people. Her career and life path is portrayed in this book, published the same year she was honoured on the Day of Galician Literature.

María Victoria, terra adiante

Texto: Xosé A. Perozo

Ilustracións: Antonio Seijas

Data edición: maio 2018

Descrición: 34 p. 21 x 21 cm

ISBN 978-84-947801-7-2



En el año 1963 llegó a Pontevedra una maestra llamada M^a Victoria Moreno. Nunca pudo imaginar que la encandilarían para siempre Galicia, su lengua, su cultura y su gente. Su trayectoria vital y profesional es el retrato que de ella se hace en este libro, publicado en el año en que se le dedicó el Día de las Letras Gallegas.

A meiga chuchona

Texto: Jacobo Paz Limia

Ilustracións: Xosé Tomás

Data edición: outubro 2018

Descrición: 34 p. 15,5 x 20 cm

ISBN 978-84-9995-299-4



Relato que, coa axuda de personaxes fantásticos do imaxinario da nosa tradición literaria oral e escrita, ensina ás nosas crianzas a comprender e vencer os medos nocturnos.

Un compañeiro do colexio díxome que as meigas chuchonas entran polas noites nas casas onde hai nenas e nenos e zúganlles o sangue...

Aquela mesma noite tiveron que quedar a durmir na casa de miña avoa.

This is a tale that, with the help of fantasy animals from the imaginary of our literary tradition both spoken and written, teaches our young ones to understand and beat night fears.

A schoolfriend told me that absorbing witches enter by night in people's houses where boys and girls live, and they drink their blood...

That very same night, I had to sleep over at my grandmother's house.

Relato que, con la ayuda de personajes fantásticos del imaginario de nuestra tradición literaria oral y escrita, enseña a nuestros pequeños a comprender y vencer los miedos nocturnos.

Un compañero del colegio me dijo que las brujas chuponas entran por las noches en las casas donde hay niñas y niños y les absorben la sangre...

Aquella misma noche tuve que quedar a dormir en la casa de mi abuela.

A reconquista

Texto: Antía Yáñez

Ilustracións: Ana Pedreira

Data edición: outubro 2018

Descrición: 26 p. 15,5 x 20 cm

ISBN 978-84-9995-297-0



No patio do colexio de Lúa prodúcese todos os días unha invasión que deixa moitas nenas e nenos sen espazo para gozar do seu tempo de recreo. Porén, grazas á súa tenacidade, Lúa vai poñer en marcha unha pequena onda que rapidamente se converte nun tsunami de solidariedade.

Gañadora *ex aequo* do I Premio Fina Casaderrey de Literatura Infantil pola Igualdade 2018.

At Lua's school playground, everyday an invasion takes places that leaves boys and girls without any space to enjoy their recess time. However, thanks to her tenacity, Lúa will launch a wave that will soon become a tsunami of solidarity.

Ex aequo winner of the 2018 Fina Casaderrey Youth Litterature for Equality award.

En el patio del colegio de Lúa se produce todos los días una invasión que deja a muchas niñas y niños sin espacio para disfrutar de su tiempo de recreo. Sin embargo, gracias a su tenacidad, Lúa va a poner en marcha una ola que rápidamente se convierte en un tsunami de solidaridad.

Ganadora *ex aequo* del I Premio Fina Casaderrey de Literatura Infantil por la Igualdade 2018.

As voces da auga

Texto: Ánxela Gracián

Ilustracións: Aynara Pereiro

Data edición: novembro 2018

Descrición: 184 p. 13 x 19 cm

ISBN 978-84-9995-300-7



A través da historia de Wei Su e Li, pai e filla, a autora preséntanos unha sociedade chinesa –ben podería ser outra calquera do chamado “terceiro mundo”–, na que, como consecuencia da imposición da «política do fillo único», nacer muller é unha condena: frecuentemente as abandonan en ríos ou mesmo as matan; se conseguen sobrevivir, teñen que agocharse, lonxe das autoridades, de xeito que viven, mais non existen, non teñen dereito a nada.

Gañadora *ex aequo* do VIII Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil.

With the story of Wei Su and Li, father and daughter, the Chinese society – although it could be any other society from what we call the “third world” – is shown to us. A society in which, as a consequence of the imposition of the “policy of one only child”, being born a woman is a sentence: they are frequently abandoned in rivers or can even get killed; if they manage to survive, they must hide, far from the authorities, this way living but not existing, left without any rights.

Ex-aequo winner of the 8th Meiga Moira Youth and Children Literature Award.

A través de la historia de Wei Su y Li, padre e hija, se nos presenta una sociedad china –bien podría ser otra cualquiera del llamado “tercer mundo”–, en la que, como consecuencia de la imposición de la «política del hijo único», nacer mujer es una condena: frecuentemente las abandonan en ríos o incluso las matan; si consiguen sobrevivir, tienen que esconderse, lejos de las autoridades, de modo que viven, pero no existen, no tienen derecho a nada.

Ganadora *ex aequo* del VIII Premio Meiga Moira de Literatura Infantil y Juvenil.

Auga e lume

Texto: Pere Tobaruela

Ilustracións: Víctor Boullón

Data edición: novembro 2018

Descrición: 216 p. 13 x 19 cm

ISBN 978-84-9995-301-4



É unha aventura trepidante a través dos tempos: Paulo e o seu amigo Fórmula E, dous mozos da actualidade, xuntarán forzas con Deva, adolescente que vive no século IV e elixida polo seu pobo como a Dama da Auga, para se enfrentaren a un exército de lume que ameaza con destruír todo, acabar mesmo coa humanidade. Para alcanzar o éxito nesta comprometida misión contarán coa axuda das súas armas, de personaxes con distintas facultades e animais fantásticos.

Gañadora *ex aequo* do VIII Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil.

A frenetic adventure through times: Paulo and his friend E-Formula, two boys of today, will unite forces with Deva, a teenager that lives in the 4th century and that has been chosen by her people as the Water Lady, to confront an army of fire that threatens to destroy everything, even with humanity itself. To succeed in this compromised mission, they will count on their guns, people from other schools and fantastic animals. *Ex aequo* winner of the VIII Meiga Moira Youth and Children Literature Award.



Es una aventura trepidante a través de los tiempos: Paulo y su amigo Fórmula E, dos chicos de la actualidad, aunarán fuerzas con Deva, adolescente que vive en el siglo IV y elegida por su pueblo como la Dama del Agua, para enfrentarse a un ejército de fuego que amenaza con destruir todo, acabar incluso con la humanidad. Para alcanzar el éxito en esta comprometida misión contarán con la ayuda de sus armas, de personajes con distintas facultades y animales fantásticos.

Ganadora *ex aequo* do VIII Premio Meiga Moira de Literatura Infantil y Juvenil.

Gaiola aberta. ***Escolma de poesía infantil (1997-2017)***

Texto: Xoán Neira. Edición de Armando Requeixo

Ilustracións: Ana Pedreira (portada)

Data edición: xuño 2018

Descrición: 128 p. 15 x 19 cm

ISBN 978-84-9995-287-1



O carrusel

Xira e xira sen parar
cabaliño de madeira,
cabaliño de cores
non te perdas!

Volta e volta sen cesar
cabaliño de cores
sube e baixa
vaia xeira!

Trota e trota, cabaliño
polas nubes
ata as estrelas
corre, voa!

Xira e xira
volta e volta
trota e trota.

Que hoxe hai festa
que hoxe é feira.

29

Nesta *Gaiola aberta* de Xoán Neira atoparás grilos grileiros, toupas ceguiñas, tartarugas de pel dura e donicelas bulideiras. Tamén osos chorosos, lobos solitarios, raposos pillabáns e mesmo cervos de luz. Moitas raiolas na chuvia, avós paseadores, lúas crecentes e papaventos voadores. E un carrusel que xira e xira, un tren que vai e vén, un pirata boa pata e un máxico xardín.

In this book, *Gaiola aberta* of Xoán Neira, you will find naughty crickets, blind moles, hard-shelled turtles and restless weasels. Also, crying bears, lonely wolves, scoundrel foxes and even light-generating deer. Intense lightning in te rain, waking grandpas, waxing moons and flying comets. A merry-go-round that goes round and round, a train that comes and goes, a good-legged pirate and a magical garden.

En esta *Gaiola aberta* de Xoán Neira encontrarás grillos traviesos, topos cieguitos, tortugas de piel dura y comadrejas inquietas. También osos llorosos, lobos solitarios, y zorros golfillos. Muchos rayos de sol en la lluvia, abuelos paseantes, lunas crecientes y cometas voladoras. Y un tiovivo que gira y gira, un tren que va y viene, un pirata buena pata y un mágico jardín.



Nube Branca quiere ser astronauta

Texto: Pablo Nogueira

Ilustracións: Manuel Uhía

Data edición: maio 2018

Descrición: 22 p. 15,5 x 20 cm

ISBN 978-84-9995-284-0



Nube Branca debece por ver as estrelas de preto e coñecer a Lúa e os planetas do sistema solar. Tras o fracaso da construción dun foguete espacial, procura a axuda da tartaruga Clarisa, o elefante Cacharrante, o camaleón Antón e do sabio Octavio. Conseguirá, por fin, ser astronauta? O especial tratamento da historia está concibido para a estimulación da linguaxe oral na educación infantil.

Nube Branca, dreams about seeing the stars close up, knowing the moon and the planets from the solar system. After she fails to build a spaceship, she seeks help from Clarisa the turtle, Cacharrante the elephant, Anthon the chameleon, and Octavio the savant. Will she manage, once and for all, to be an astronaut? The special treatment of the story is conceived to stimulate spoken language in children education.

Nube Branca sueña con ver las estrellas de cerca y conocer la Luna y los planetas del sistema solar. Tras el fracaso de la construcción de un cohete espacial, busca la ayuda de la tortuga Clarisa, el elefante Cacharrante, el camaleón Antón y el sabio Octavio. ¿Conseguirá, por fin, ser astronauta? El especial tratamiento de la historia está concebido para la estimulación del lenguaje oral en la educación infantil.

O gatipetro


Texto: Jacobo Paz Limia

Ilustracións: Xosé Tomás

Data edición: maio 2018

Descrición: 34 p. 15,5 x 20 cm

ISBN 978-84-9995-285-7



Relato que, coa axuda de personaxes fantásticos do imaxinario da nosa tradición literaria oral e escrita, ensina ás nosas crianzas a comprender e vencer os medos nocturnos.

Un neno négase a poñer cueiros cando vai durmir, pero ten un grave problema: polas mañás ten que soportar as queixas do pai e as burlas do irmán ao erguer da cama coas sabas molladas.

–Quen me fai isto a min? Teño que descubrir o causante de que molle na cama, pois eu non son.

Quen será, logo?

A tale that, with the help of fantastic animals of our written and spoken literary tradition, shows our young ones to understand and beat night fears.

A boy refuses to wear diapers when he goes to sleep, but he has a serious problem: in the mornings he must bear his father's complaints and the mockery of her sister when he wakes up from bed with wet sheets.

- Who does this to me? I have to find out the responsible of my wet bed, because it's not me.

Who will it be, then?

Relato que, con la ayuda de personajes fantásticos del imaginario de nuestra tradición literaria oral y escrita, enseña a nuestros pequeños a comprender y vencer los miedos nocturnos.

Un niño se niega a poner pañales cuando va a dormir, pero tiene un grave problema: por las mañanas debe soportar las quejas del padre y las burlas del hermano al levantarse de la cama con las sábanas mojadas.

– ¿Quién me hace esto a mí? Tengo que descubrir al causante de que moje en la cama, pues yo no soy.

¿Quién será, entonces?

Vermella

Texto: Sabela Losada Cortizas

Ilustracións: Minia Regos

Data edición: outubro 2018

Descrición: 26 p. 15,5 x 20 cm

ISBN 978-84-9995-298-7



Cando Flor atopa unhas pingas de sangue no cuarto de baño comeza, xunto co seu amigo Leo, a investigación de tan estraño suceso... Foi un accidente? Quen é a vítima? Serán quen de resolveren este enigma?

Gañadora *ex aequo* do I Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade 2018.

When Flor discovers drops of blood in her bathroom, she begins to investigate this strange event with her friend Leo... Was it an accident? Who is the victim? Will she succeed in solving this enigma?

Ex aequo winner of the 1st Fina Casalderrey Youth Literature for Solidarity in 2018

Cuando Flor descubre unas gotas de sangre en el cuarto de baño comienza, junto con su amigo Leo, la investigación de tan extraño suceso... ¿Fue un accidente? ¿Quién es la víctima? ¿Serán capaces de resolver este enigma? Ganadora *ex aequo* del I Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil por la Igualdad 2018.

Arousa

Texto: Carlos Meixide

Ilustracións: María Meijide

Data edición: 2018

Descripción: 170 p. 20,5 x 13,5 cm

ISBN 978-84-949304-1-6



Unhas vacacións na Illa de Arousa, unha atractiva moza francesa de visita nas Rías Baixas, unha renovada paixón de verán e a aparición misteriosa dun envelenador de cans son os ingredientes da aventura máis trepidante dos “Cinco de Ons”.

Holidays spent in the island of Arousa, an attractive French girl who visits the Rias Baixas region, a renewed summer crush and the mysterious apparition of a dog poisoner, are the ingredients of the most frenetic adventure of “Cinco de Ons”

Unas vacaciones en la isla de Arousa, una atractiva chica francesa de visita en las Rías Baixas, una renovada pasión de verano y la aparición misteriosa de un envenenador de perros son los ingredientes de la aventura más trepidante de los “Cinco de Ons”.



A raposa Fonsa e o lobo Ferocio protagonizan xunto a outros animais da fraga un clásico da banda deseñada galega que comezou a súa andaina no ano 2001 nas páxinas da revista *Golfiño*. As chaves do éxito desta serie residen no uso da metalenguaxe, a aventura, a práctica do enxeño e o humor disparatado. Para esta segunda edición, rescatamos tres novas historias que quedaran fóra da anterior e que se suman agora ampliando os contidos do libro.

Ponsa the fox, and Ferocio the lion star, amongst other animals of the forest, a classic Galician comic, that began its journey in 2001 on the *Golfiño* magazine. The key to success of this series lie in the use of metalanguage, the adventures, astuteness and crazy humour. For this second edition, we rescue three new stories that were kept out of the previous one and are now added to extend the content of the book.

A fraga Milmañas

Texto: Carlos Amil

Ilustraciones: Manel Cráneo

Data edición: xaneiro 2018

Descripción: 48 p. 17 x 24 cm

ISBN 978-84-940349-7-8



La zorra Fonsa y el lobo Feroicio protagonizan junto a otros animales del bosque un clásico del cómic gallego, que comenzó su andadura en el año 2001 en las páginas de la revista *Golfinho*. Las claves del éxito de esta serie residen en el uso del metalenguaje, la aventura, la práctica del ingenio y el humor disparatado. Para esta segunda edición, rescatamos tres nuevas historias que habían quedado fuera de la anterior y se suman ahora ampliando los contenidos del libro.

A tumba de Breogán

Texto: Abel Alves

Ilustracións: Esteban Tolj

Data edición: novembro 2018

Descrición: 108 p. 17 x 24 cm


ISBN 978-84-947396-7-5



No ano 1870 realízanse varias reformas na Torre de Hércules. Durante eses labores atópanse unhas vellas táboas de madeira escritas polo arquitecto do faro. Isto revelará un segredo ancestral relacionado co lendario líder castrexo Breogán e coa antiga cidade de Brigantia. O poeta Eduardo Pondal e o intrépido bandoleiro Antón Dedo d'Ouro coincidirán nesta perigosa aventura, enfrontándose a un sinistro grupo de carlistas e membros da Igrexa que agochan algo en relación co descubrimento. Conseguirán Pondal e Antón desentrañar o misterio da tumba de Breogán?

In the year 1870, various reforms were done in the Tower of Hercules in the city of A Coruña. During these works, a number of old wooden planks were found, written by the architect of the lighthouse. It will reveal a hidden ancient secret connected to the legendary leader of iron-age Galicia, Breogán, and also the ancient city of Brigantia. The poet Eduardo Pondal and the intrepid bandit Antón Dedo d'Ouro, will meet in this dangerous adventure, confronting a sinister group of carlists and members of the Church who hide something related to the discovery. Will Pondal and Antón solve the mystery of the tomb of Breogán?

En el año 1870 se realizan varias reformas en la Torre de Hércules. Durante esas labores se encuentran unas viejas tablas de madera escritas por el arquitecto del faro. Esto revelará un secreto ancestral relacionado con el legendario líder castreño Breogán y con la antigua ciudad de Brigantia. El poeta Eduardo Pondal y el intrépido bandolero Antón Dedo d'Ouro coincidirán en esta peligrosa aventura, enfrentándose a un siniestro grupo de carlistas y miembros de la Iglesia que esconden algo en relación con el descubrimiento. ¿Conseguirán Pondal y Antón desentrañar el misterio de la tumba de Breogán?



Gol. Aventuras no mar

Texto: Tokio

Ilustracións: Tokio

Data edición: maio 2018

Descrición: 52 p. 18,5 x 22 cm

ISBN 978-84-947396-8-2



Durante os últimos anos, Tokio combinou a súa faceta de biólogo mariño en CEMMA coa de ilustrador e autor de banda deseñada. A súa intensa actividade no rescate de cetáceos nas costas galegas levouno a desenvolver a serie de historietas autoconclusivas *Gol*, coa clara intención de divulgar unha mensaxe ecolóxica e de complicidade coa fauna mariña a través do humor visual. As historias de *Gol* están destinadas a todos os públicos e especialmente ao infantil, xa que na infancia está a semente dun mundo que mellora a súa relación coa natureza.

During recent years, Tokio has combined his marine biologist facet at the CEMMA with the illustrator and comic author one. His intense activity in the rescue of cetaceans in the Galician coasts has pushed him to create *Gol*, a series of auto-conclusive comic strips, with the aim to disseminate a message of commitment with the environment and the complexity of ocean life through visual humour. The stories of *Gol* are directed to all audiences, especially children, since it is in childhood that lies the seed of a world that improves its relationship with nature.

Durante los últimos años, Tokio ha combinado su faceta de biólogo marino en CEMMA con la de ilustrador y autor de cómic. Su intensa actividad en el rescate de cetáceos en las costas gallegas lo ha llevado a crear la serie de historietas autoconclusivas *Gol*, con la clara intención de divulgar un mensaje ecológico y de complicidad con la fauna marina a través del humor visual. Las historias de *Gol* están destinadas a todos los públicos y especialmente al infantil, ya que en la infancia está la semilla de un mundo que mejore su relación con la naturaleza.

O tesouro de Lucio

Texto: Mikel Belatz

Ilustracións: Mikel Belatz

Data edición: maio 2018

Descrición: 140 p. 17 x 24 cm

ISBN 978-84-947396-3-7



O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia é unha coedición con Txalaparta (Euskadi) e Tigre de paper (Cataluña) na que o autor Mikel Belatz aborda a biografía de Lucio Urtubia, o anarquista exiliado en Francia que puxo en xaque o First National City Bank. Unha historia na que o autor manexou moitos datos reais sacados dos encontros e entrevistas persoais co propio Lucio.

O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia is a collaboration between Txalaparta (Basque Country) and Tigre de paper (Catalonia) in which author Mikel Belatz covers the biography of Lucio Urtubia, an anarchist in exile in France that had in check the First National City Bank. A story in which the author has used many real data gathered in meetings and personal interviews with Lucio himself.

O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia es una coedición con Txalaparta (Euskadi) y Tigre de paper (Cataluña) en la que el autor Mikel Belatz aborda la biografía de Lucio Urtubia, el anarquista exiliado en Francia que puso en jaque al First National City Bank. Una historia en la que el autor ha manejado muchos datos reales obtenidos de encuentros y entrevistas personales con el propio Lucio.





É un canciño! Chámase Marmelo,
case é un bebé. Veu de paseo coa
súa familia de humanos, e de
repente desapareceron.
Por que marcharían sen el?

O canciño Marmelo aparece na serra un día de sol de outono. Treme de frío e estraña o seu fogar. Naturizo axudará a atopar un novo. Conseguirano?

Marmelo the puppy appears in the mountains a shiny day of fall. He shivers from the cold and misses his home. Naturizo will help him find a new one. Will they succeed?

Naturizo. Un fogar para Marmelo

Texto: Alba de Evan e Javier Domínguez

Ilustracións: Alba de Evan e Javier Domínguez

Data edición: novembro 2018

Descrición: 36 p. 17,5 x 24,5 cm

ISBN 978-84-947728-6-3



El perrito Marmelo aparece en la sierra un día de sol de otoño. Tiembla de frío y extraña su hogar. Naturizo le ayudará a encontrar uno nuevo. ¿Lo conseguirán?

A boa e a avoa

Texto: Pere Tobaruela

Ilustracións: Víctor Boullón

Data edición: xuño 2018

Descrición: 72 p. 13 x 20 cm

ISBN 978-84-16456-81-9



A Ona gústalle ler e na casa da súa avoa atopa un libro moi especial: cada vez que o abre le unha historia diferente! Pero o que é aínda máis sorprendente é que aos protagonistas do libro lles pasan as mesmas cousas ca a ela...

Ona likes to read, and at her grandmother's house, she finds a very special book: every time she opens it, she reads a different story! But what is even more surprising, is that the protagonists of the book, experience the same events she does!

A Ona le gusta leer y en la casa de su abuela encuentra un libro muy especial: ¡cada vez que lo abre lee una historia diferente! Pero lo que es aún más sorprendente es que a los protagonistas del libro les pasan las mismas cosas que a ella...



A estraña aventura de Manoliño Singapur


Texto: Xoán Babarro González

Ilustracións: María Brenn

Data edición: xaneiro 2018

Descrición: 86 p. 13 x 20 cm

ISBN 978-84-16456-75-8



Imaxina que unha avelaiña chega á pantalla do teu ordenador cunha chamada de auxilio procedente dunha descoñecida páxina web. Que, para accederes a ese sitio e prestares axuda, tes que trabar amizade cun virus informático con figura de terrible can. Que, despois de atravesares polo sitio máis solitario do mundo, chegas a unha cidade onde es considerado inimigo. Que apareces nas pantallas como un *hacker* intruso perigoso. E que, a pesar de todo, consigues saír vitorioso. Pois todo iso o viviu Manoliño Singapur.

Imagine that a black clothes moth gets to your computer screen with a call for help from an unknown website. A website that requires to access it and bring help, to befriend a computer virus with a terrifying dog face. And, that after passing through the loneliest place on earth, you arrive to a city where you are considered an enemy. And even more, you show up on computer screens as a dangerous *hacker* intruder, and even after all that, you succeed to come out victorious. Well, Manoliño Singapur has lived all of this.

